

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Programa Normalización Lingüística do Concello de Arzúa

ANUNCIO PROGRAMA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA.

Por decreto do alcalde nº 456/2025 de data 18/06/2025, aprobouse o seguinte programa de normalización lingüística do Concello de Arzúa:

PROGRAMA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA

1º. Introducción e xustificación

A lingua galega é un dos piares fundamentais do patrimonio cultural e da identidade de Galiza. Como administración máis próxima á cidadanía, o Concello de Arzúa ten a responsabilidade de promover o uso, prestixio e transmisión da lingua galega en todos os ámbitos da vida local.

A posta en marcha deste programa, coa conseguinte execución do mesmo, responde á necesidade de artellar unha política lingüística activa, transversal e eficaz, coa finalidade de garantir o dereito da veciñanza a vivir en galego.

2º. Obxectivos xerais do servizo.

- 1.-Impulsar o uso normalizado do galego na administración local.
- 2.-Promover a presenza da lingua galega nos ámbitos social, económico, educativo e cultural.
- 3.-Garantir o dereito da cidadanía a ser atendida e expresarse en galego nos servizos públicos locais.
- 4.-Fortalecer o vínculo da mocidade coa lingua a través de programas específicos.
- 5.-Colaborar co tecido asociativo, educativo e empresarial para fomentar o uso do galego.
- 6.- Visibilizar a lingua galega como ferramenta de cohesión, inclusión e desenvolvemento local.

3º. Funcións da persoa técnica de normalización lingüística

As funcións a desenvolver polo funcionario/a interino/a a contratar serán, de xeito concreto e non excluínte, as seguintes:

*** Funcións xerais internas:**

- Asesorar á administración en todo o relacionado coa política lingüística na procura do incremento do uso e prestixio da lingua galega.
- Velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto velar para que se lle garantan os dereitos lingüísticos á cidadanía.
- Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
- Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencia, etc. de accións do concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.
- Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte das persoas aspirantes.

*** Funcións de dinamización lingüística:**

- Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.
- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.
- Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega, e a impliquen no proceso normalizador.

- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancias para a súa repercusión social.

- Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo, empresarial etc. do termo municipal.

- Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso da lingua galega.

*** Funcións de formación lingüística:**

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a po-boación en xeral ou para sectores concretos.

- Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos.

- Colaborar no deseño de programas de formación lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favora-bles á mellora de actitudes lingüísticas.

*** Funcións de asesoramento lingüístico interno:**

- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.

- Normalizar a imaxe lingüística e fixar criterios lingüísticos para a organización.

- Resolver dúbidas lingüísticas.

- Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.

*** Funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e o Concello:**

- Apoiar e difundir as accións dinamizadores desenvolvidas pola Deputación da Coruña.

- Participar nas xuntanzas e encontros de traballo e coordinación que a Deputación convoque e nos grupos de traballo que se creen para a planificación de accións normalizadoras conxuntas.

En xeral a realización de calquera outra tarefa propia do posto de Técnico de Normalización Lingüística, incluído a remisión dun informe trimestral que recolla as actuacións realizadas no ámbito da normalización lingüística do Concello de Arzúa se así se lle require.

4º.- Principios orientadores da execución do programa de normalización lingüística:

- Transversalidade: A lingua como eixo central en todas as políticas públicas.

- Colaboración: Traballo coordinado coas Entidades Locais.

- Visibilidade: Presenza activa do galego no espazo público.

- Inclusión: A lingua como Ferramenta de acollida.

- Sustentabilidade: Accións continuadas no tempo.

5º. Exemplo de liñas de actuación para o primeiro ano (fase inicial):

1. Diagnóstico da situación sociolingüística do Concello.

2. Elaboración dun Plan Anual de Acción.

3. Activación dunha campaña institucional “Arzúa fala galego”.

4. Creación dun calendario de actividades anuais.

5. Implantación de protocolos lingüísticos na documentación municipal.

6. Lanzamento dun espazo web e redes sociais.

7. Creación de material de benvida para familias inmigrantes, e cursos para fomento da súa inclusión social mediante a aprendizaxe da lingua galega. .

6º.-Duración do programa

O programa terá unha duración máxima de tres anos, con posibilidade de prórroga ata 12 meses mais, de acordo co disposto no artigo 23.2, letra “c” da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, en relación co artigo 10.1, letra “c” do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

9º.- Contratación do Técnico/a de Normalización Lingüística e retribución.

Para a execución do programa procederase á contratación dun funcionario/a interino dos integrantes da bolsa creada ao efecto por Decreto 926/2024, de 10 de decembro, publicado no Tabolero de Anuncios da sede electrónica do Concello na mesma data de 10.12.2024, rectificado polo Decreto nº 6/2025, de 7 de xaneiro de 2025, tamén publicado no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello na mesma data de 7.01.2025.

En canto ao réxime de retribución, estarase ao que sinalan as bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as como técnicos de normalización lingüística do Concello de Arzúa, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.04.2024, publicadas no BOP nº 86 de data 3.05.2024.”

O que se fai publico aos efectos oportunos.

En Arzúa, 20 de xuño de 2025

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2025/4091